

Especialidades	Titulación
Filoxía e lingua estranxeira: francés	Mestra/mestre. Especialidade de lingua estranxeira. Profesora/profesor de educación xeral básica: especialidade en lingua española e idioma moderno. Licenciado en filoxía francesa, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.
Educación física	Mestra/mestre. Especialidade de educación física. Profesor de educación xeral básica, especialidade de educación física. Mestra/mestre. Especialidade de educación primaria e títulos homologados. Licenciada/o do INEF, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.
Educación musical	Mestra/mestre. Especialidade de educación musical. Mestra/mestre. Especialidade de educación primaria e títulos homologados. Título de grao medio ou superior dos conservatorios de música.
Pedagogía terapéutica	Mestra/mestre. Especialidade de educación especial. Profesora/profesor de educación xeral básica, especialidade de educación especial. Licenciada/o en pedagogía e homologados. Licenciada/o en psicopedagogía.
Audición e linguaxe	Mestra/mestre. Especialidade en audición e linguaxe.
Educación primaria	Mestra/mestre. Especialidade de educación primaria. Profesora/profesor de educación xeral básica, especialidade de educación primaria. Mestra: especialidade de matemáticas, ciencias naturais, ciencias sociais ou filoxía francesa.

Corrección de erros.-Resolución do 30 de maio de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se procede a nomear e facer pública a composición dos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional convocados pola Orde do 9 de abril de 2008.

Advertidos erros na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 107 do mércores, 4 de xuño de 2008, é necesario efectuar a seguinte modificación:

Na páxina 10.476, disciplina 594433-Violín, debe dicir:

«Presidente/a titular: 34947503S, Vega Pérez, María Rosa de la.

«Presidente/a suplente: 53165587Y, Veiga Martínez, David».

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 23 de maio de 2008 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Convocada por Orde do 24 de marzo de 2008 (DOG nº 68, do 9 de abril de 2008) a provisión dun

posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo pertencente á estrutura organizativa do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, anunciada por Orde do 24 de marzo de 2008 (DOG nº 68, do 9 de abril de 2008).

Segundo.-Nomear na praza que se indica a persoa citada no anexo I desta orde, para os efectos do previsto no punto 2 do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2008.

M^a José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Posto: subdirector de Xestión e Servizos Xerais.
Nome e apelidos: Odilo García Rivera.
DNI: 36083106-Q.

Orde do 26 de maio de 2008 pola que se resolve definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.

Convocada, pola Orde do 14 de abril de 2008 (DOG nº 81, do 28 de abril), a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, esta consellería, de conformidade co previsto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das facultades que lle confire o artigo 15.4º da devandita lei,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre